



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE VALORACIÓN DE MÉRITOS E CUALIFICACIÓN DA PROBA PRÁCTICA NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE CINCO PEÓNS PARA OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE IRIXOA. PROGRAMA PEL CONCELLOS ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1. Asistentes

PRESIDENTE: Ursula M^a de la Barrera Fernández, empregada pública do Concello de Irixoa.

VOGAL: José Luis Dafonte Domínguez, empregado público do Concello de Aranga.

VOGAL: Juan Amado Cachaza, empregado público do Concello de Vilarmajor,

VOGAL: Ana M^a Pampin Vieiro, empregada pública do Concello de Irixoa.

SECRETARIA: M^a Isabel Bouzón López, empregada pública do Concello de Irixoa.

Na Casa Consistorial do concello de Irixoa, sendo as nove horas do día 2 de xullo de 2026, reúnen-se as persoas integrantes do Tribunal Cualificador nomeadas para o desenvolvemento e cualificación do proceso selectivo convocado polo Concello de Irixoa para a contratación laboral temporal, de cinco peóns para obras e servizos municipais do concello de Irixoa, programa PEL concellos ano 2026 da Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas Bases do proceso aprobadas ao efecto.

Aberta a sesión pola Presidencia, declárase válidamente constituído o Tribunal e faise constar que o procedemento se rexe íntegramente polas Bases, que constitúen a norma reitora do proceso e vinculan á Administración convocante, ao Tribunal e ás persoas participantes, que quedan obrigadas ao seu cumprimento en todos os seus extremos, garantindo o acceso e a selección conforme aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito, capacidade, transparencia e non discriminación, e que a eventual impugnación dos actos do procedemento deberá producirse nos termos legalmente previstos.

Deixase constancia de que, en todo caso, a composición é predominantemente técnica, e que as persoas integrantes actúan con imparcialidade e profesionalidade, facultándose o Tribunal para resolver dúbidas interpretativas e adoptar acordos necesarios para a boa orde do proceso, coa posibilidade de incorporar asesoramento técnico especialista cando resulte imprescindible, todo iso nos termos previstos nas Bases.

2. Candidatos admitidos:

O tribunal toma razón da lista definitiva de admitidos:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

1. D. José Antonio Martínez Castro
2. D. Jorge Sanchez Piñeiro
3. José Javier García Rodríguez
4. Jonatan Gabarri Gabarri
5. Maria Joao Marques de Oliveira Chambel
6. Andrés González Yañez
7. Gumersindo Reigosa Fernández
8. Angel Manuel Gómez Lado

3. Conforme ás Bases, a selección efectuarase polo **sistema de concurso-oposición** en dúas fases: (i) fase de concurso, non eliminatoria, cun máximo de dos (2) puntos, consistente na valoración obxectiva dos méritos alegados e acreditados documentalmente dentro do prazo de solicitude, segundo o baremo; e fase de oposición, eliminatoria, cun máximo de dez (10) puntos, consistente nunha proba práctica, sendo necesario acadar como mínimo cinco (5) puntos para non quedar eliminado/a. Faise constar expresamente que, segundo as Bases, a fase de concurso non pode utilizarse para superar a fase de oposición nin para compensar a non superación dos exercicios eliminatorios, e que a cualificación final obterase pola suma das puntuacións obtidas en ambas fases, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

4. Fase de concurso

O Tribunal procede, en primeiro termo, á fase de concurso, de acordo coas Bases, comprobando que a documentación presentada relativa os cursos relacionados coa actividade a desenvolver (peóns de obras públicas) e permiso de conducir.

Nome e apelidos	Permiso de conducir	Cursos de formación	Total puntuación fase concurso
José Antonio Martínez Castro	NO	0,75	0,75
Jorge Sánchez Piñeiro	NO	0	0
José Javier García Rodríguez	SI (1)	0,25	1,25
Jonatan Gabarri Gabarri	NO	0,85	0,85
Maria Joao M. De Oliveira Chambel	NO	1	1
Andrés González Yañez	NO	0	0



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Iríxoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

Gumersindo Reigosa Fernandez	SI (1)	0,25	1,25
Angel Manuel Gómez Lado	NO	0,75	0,75

Fase de oposición

A continuación, o Tribunal pasa á fase de oposición, proba práctica, que, segundo as Bases, consiste nanexo de desbrozadora de man o longo de un tramo que será fixado polo Tribunal, co fin de avaliar coñecementos e pericia no manexo, procurando que os tramos asignados a cada aspirante sexan equitativos.

Os chamamentos realízanse tendo en conta a resolución de 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e administración pública (DOGA 26/01/2026) que indica que a orde de actuación comeza por aquelas persoas cuxo primer apelido comece pola letra M.

Realizados os chamamentos e comprobada a identidade conforme ás Bases, o Tribunal asigna tramos equivalentes e procede á observación e cualificación individual, deixando constancia de que a valoración constitúe un xuízo técnico e que, para garantir a obxectividade do procedemento, as puntuacións quedarán exteriorizadas en acta co resultado numérico final por aspirante.

Concluída a realización da proba práctica, o Tribunal ACORDA outorgar a seguinte puntuación para a proba práctica:

Nome e apelidos	Puntuación fase práctica
José Antonio Martínez Castro	5
Jorge Sánchez Piñeiro	10
José Javier García Rodriguez	8
Jonatan Gabarri Gabarri	7
María Joao M. De Oliveira Chambel	10
Andrés González Yañez	9
Gumersindo Reigosa Fernandez	9
Angel Manuel Gómez Lado	8

Faise constar que, de conformidade coas Bases, aqueles/as aspirantes que non acaden cinco (5) puntos quedan eliminados/as e, por tanto, non procederá a suma de puntos de concurso



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

para efectos de cualificación final, nin a súa integración na listaxe de persoas que superan o proceso ni a súa integración na bolsa de emprego correspondente.

Cualificación final do proceso de selección:

O Tribunal lembra que, segundo as Bases, a cualificación final se publicará por orde de maior a menor puntuación e que, no caso de empate, este resolverase tendo en conta ó candidato que leve mais tempo como demandante de emprego e de persistir o empate, mediante sorteo público. Elevándose proposta de contratación á Alcaldía das persoas seleccionadas por orde de puntuación, sen que a proposta poida incluír máis persoas que as prazas convocadas, e confeccionándose bolsa de traballo coas persoas que superen o proceso e non obteñan praza, ordenadas de maior a menor puntuación, para atender renuncias, substitucións, permisos ou baixas durante a vixencia do programa.

Nome e apelidos	Puntuación fase concurso	Puntuación fase práctica	Total puntuación
José Antonio Martínez Castro	0,75	5	5,75
Jorge Sánchez Piñeiro	0	10	10
José Javier García Rodriguez	1,25	8	9,25
Jonatan Gabarri Gabarri	0,85	7	7,85
Maria Joao M. De Oliveira Chambel	1	10	11
Andrés González Yañez	0	9	9
Gumersindo Reigosa Fernandez	1,25	9	10,25
Angel Manuel Gómez Lado	0,75	8	8,75

Proposta de contratación

O Tribunal ACORDA que, unha vez completados os cadros de puntuación desta acta publicárase o resultado no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Irixoa, e elevarase á Alcaldía a proposta de contratación das cinco persoas con maior puntuación total, así como a relación ordenada para a bolsa de emprego segundo as Bases.

Aspirantes propostos para a contratación:

1. Maria Joao Marques de Oliveira Chambel
2. Gumersindo Reigosa Fernandez



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Iríxoia nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

3. Jorge Sánchez Piñeiro
4. José Javier García Rodríguez
5. Andrés González Yañez

Bolsa de emprego:

1. Ángel Manuel Gómez Lado
2. Jonatan Gabarri Gabarri
3. José Antonio Martínez Castro.

Os candidatos terán un prazo de dous días desde a publicación desta acta, para presentar reclamacións transcurrido o cal o tribunal proporá á alcaldía a contratación das cinco persoas que acaden maior puntuación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13.00 horas do día 2 de xullo de 2026, redactándose a presente acta que, como fiel reflexo do acontecido e dos acordos adoptados, é asinada polos membros do tribunal asistentes, para a súa incorporación ao expediente e para os efectos de publicación que procedan.

Asinan:

A Presidenta

Vocais

A Secretaría